



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

### ACTA Nº 2023/12

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 22 DE DECEMBRO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** ALFREDO DOVALE PEDREIRA

**ASISTEN:**PP

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ  
JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ  
MIGUEL FREIRE GÓMEZ  
ENRIQUE OTERO REY  
FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

PSOE  
ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS  
MARTÍN REGO BAAMONDE

**AUSENCIAS:**PP

AZUCENA CAO SIERRA

**SECRETARIA-INTERVENTORA:** MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

#### 1.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2024. (Expediente 2023/T004/000002)

Polo Sr. Alcalde procédese a dar lectura da Memoria xustificativa e a dar conta detallada do Orzamento previsto para o exercicio 2024.

Dáse conta do informe da Comisión Especial de Contas.

Iniciado o debate o Sr. Rego Baamonde manifesta: “*As cousas sempre veñen tarde, mal e arrastro.*”

Polo Concelleiro, Sr. Calvín Fondevila, procédese a explicar os listados enviados con detalle dos programas e da clasificación económica.

A continuación o Concelleiro, Sr. Rego Baamonde pregunta polo alcantarillado, polo abastecemento domiciliario de auga potable, pola recollida e tratamento de residuos e pregunta por que o coste de todo isto segue subindo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

O Sr. Rego Baamonde fai varias preguntas en relación coa aplicación orzamentaria de benestar comunitario que son respondidas polo Sr. Calvín Fondevila.

Sr. Rego Baamonde: *“En asistencia social primaria, tiñades un vehículo da Deputación para servizos sociais, cando veña avisarnos para poder dicir que veu.”*

Pregunta o Sr. Rego Baamonde polos festexos; en relación co das Camelias parece que foi perder a segunda explotación de Europa que tiñamos aquí.

Sr. Alcalde: *“Eso é unha propiedade privada; falaban de cedela á Xunta.”*

O Sr. Rego Baamonde pregunta polo programa de desenvolvemento rural e sobre a cantidade asignada e o Sr. Calvín Fondevila sinala que é unha transferencia ó Grupo de Acción Local que vai de Ribadeo a Valdoviño.

O Sr. Rego Baamonde pregunta pola partida de Administración Xeral e sinala *“Máis da metade do Orzamento vai en soldos dos traballadores.”*

Sr. Calvín Fondevila: *“Os ingresos son os que hai.”*

Sr. Rego Baamonde: *“O tema dos servizos sociais ven financiado pola Xunta.”*

Sr. Calvín Fondevila: *“Igal estamos nuns ingresos de 300.000 euros e os gastos son sobre 450.000 euros; a Xunta debería apoiar máis a este tipo de Concellos; estamos facendo un esforzo importante nunha competencia autonómica; dannos unha subvención pero non chega, eso é innegable.”*

Sr. Rego Baamonde pregunta: *“En relación con SOGAMA, comparativamente, en toneladas que ten que procesar neste Concello e doutros Concellos, sae mellor ou peor; poden ir mezclados plásticos con orgánicos.”*

Sr. Alcalde: *“Non se mezcla moito; os que recollen non se queixan da recollida.”*

Sr. Rego Baamonde: *“En eso entramos en diferentes costes de SOGAMA e os Concellos estiveron baixando nos últimos anos, algunha diferenza debe de haber.”*

A continuación o Sr. Calvín Fondevila da conta detallada da parte de ingresos do Orzamento 2024.

Sr. Rego Baamonde: *“Vamos a votar en contra, non da tempo a revisar todo isto.”*

Sometido o asunto a votación, co voto a favor dos seis Concelleiros do Partido Popular asistentes á sesión e o voto en contra dos Concelleiros do P.S. de G-P.S.O.E, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Municipal para o exercicio 2024, cunha contía tanto en gastos como en ingresos de UN MILLÓN NOVECENTOS SETENTA E DOUS MIL SETECENTOS EUROS (1.972.700 euros) asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap.	Denominación	Euros
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.158.500,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	723.600,00 €
3	Gastos financeiros	1.800,00 €
4	Transferencias correntes	20.300,00 €
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	68.500,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Suma total de gastos	1.972.700,00 €
----------------------	----------------

Estado de ingresos		
Cap.	Denominación	Euros
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	490.000,00 €
2	Impostos indirectos	33.000,00 €
3	Taxas e outros ingresos	220.000,00 €
4	Transferencias correntes	1.137.200,00 €
5	Ingresos patrimoniais	23.500,00 €
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	69.000,00 €
	Suma total de ingresos	1.972.700,00 €

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal que de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése de seguido:

### FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Posto de traballo	Dot.	Grupo	Nivel	Escala	Subescala	Estado	Situación actual
Secretaría-Intervención	1	A1	28	Habilitación estatal	Secretaria-Intervención	Cuberta	Propiedade
Traballadora Social	1	A2	22	Admón. Especial	Técnica	Cuberta	Propiedade
Administrativo	1	C1	15	Admón. Xeral	Administrativa	Vacante	Vacante
Auxiliar	1	C2	15	Admón. Xeral	Auxiliar	Cuberta	Propiedade
Auxiliar	1	C2	15	Admón. Xeral	Auxiliar	Cuberta	Propiedade
Auxiliar	1	C2	15	Admón. Xeral	Auxiliar	Vacante	Vacante
Arquitecto Técnico	1	A2	22	Admón. Especial	Técnica	Vacante	Vacante

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

### PERSOAL LABORAL FIXO

Posto de traballo	Grupo	Prazas	Estado	Situación actual
Animadora Sociocultural	III	1	Cuberta	Persoal laboral fixo
Oficial de Servizos	IV	3	Cuberta	Persoal laboral fixo
Auxiliar Axuda no Fogar	V	6	Vacante	Persoal laboral temporal

### PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Posto de traballo	Prazas	Xornada	Estado	Situación actual
Monitora Actividades Infantís	1	Media Xornada	Cuberta	Persoal laboral temporal
Auxiliar Administrativo	1	Completa	Cuberta	Persoal laboral temporal
Administrativo (Servizos Sociais)	1	Completa	Cuberta	Persoal laboral temporal
Animador Deportivo	1	Completa	Cuberta	Persoal laboral temporal
Auxiliar Axuda no Fogar	15	Parcial	Cuberta	Persoal laboral temporal
Auxiliar de Biblioteca	1	Media Xornada	Cuberta	Persoal laboral temporal

CUARTO.- Que se expoña ó público, durante o prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

QUINTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumida por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente coa plantilla, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; noutro caso procederá de acordo co previsto no número 2 deste último artigo.

SEXTO.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do Orzamento definitivamente aprobado á Delegación Provincial de Economía e Facenda e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Ás 20:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira